

# PAREMOS O XENOCIDIO CONTRA O POBO PALESTINO

RUPTURA CON ISRAEL XAI

## FOLGA ESTUDANTIL 2 de OUTUBRO

**Manifestacións - 12h.**

- A Coruña: Obelisco
- Vigo: Farola Urzáiz



O pobo palestino está a ser exterminado. Tras dous anos de xenocidio, o goberno sionista de Netanyahu persiste nos seus plans criminais. Máis de 60.000 palestinos foron asasinados, 18.000 deles nenos e nenas, e a fame organizada como arma de guerra afecta xa ao 25% da poboación. Os hospitais, as escolas e as vivendas foron reducidos a cascallos. Gaza converteuse nunha foxa común ao descuberto.

Estamos ante unha limpeza étnica inhumana, deseñada por un réxime fanático e fascista que está a actuar igual cos nazis contra a comunidade xudea. A gran maioría de nós estudamos o Holocausto e as cámaras de gas. Coa “solución final” sionista contra o pobo palestino, a historia repítese.

Netanyahu non está só. Conta con tódolos recursos económicos e militares do imperialismo estadounidense e do goberno de Donald Trump, e o apoio entusiasta de toda a extrema dereita internacional. Isto inclúe a Vox e PP, que non agachan o seu respaldo a Israel nin a súa islamofobia e o seu odio racista contra os inmigrantes.

O sionismo asasino pode facer o que fai grazas ao goberno de Trump, pero tamén grazas á complicidade da Unión Europea e os seus gobernos que, mentres falan de “democracia”, seguen vendendo armamento e facendo negocios co réxime de Netanyahu.

No caso do Estado español, o goberno de PSOE-Sumar está a empregar unha dobre linguaxe. Se Pedro Sánchez considera que o que está a ocorrer en Palestina é inaceptable, por que non rompe inmediatamente relacións comerciais, diplomáticas e militares con Israel acordando un embargo de armas total? Non hai espazo para os discursos baleiros cando un pobo está a ser masacrado fronte os nosos ollos.

A solidariedade internacionalista con Palestina estendeuse por todo o mundo. As manifestacións masivas, acampadas universitarias, accións de boicot, ou as diferentes flotillas que se organizaron para levar axuda humanitaria, demostran que a nosa vontade para acabar co xenocidio é inquebrantable.

Non podemos mirar cara a outro lado. A causa palestina é a causa da mocidade e dos millóns que defendemos os dereitos humanos e a xustiza social. Por iso, o Sindicato de Estudantes, en coherencia co que está a acontecer, **chama á folga xeral estudantil o xoves 2 de outubro, a baleirar as aulas e encher as rúas de dignidade nas manifestacións que celebraremos ás 12h en tódalas cidades.** Chamamos tamén a construír comités de solidariedade con Palestina e contra o xenocidio en cada instituto e Universidade.

Convidamos a toda a comunidade educativa, ás organizacións xuvenís e sindicatos combativos cos que participamos de xeito conxunto nesta loita, a sumarse e apoiar esta xornada de folga, como parte do gran movemento de protesta popular que **a fin de semana do 4 e 5 de outubro protagonizará novas mobilizacións en todo o estado.**

**A mocidade érguese contra o xenocidio palestino!  
Paremos o masacre! Desde o río até o mar, Palestina vencerá!**